

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### VILAGARCÍA DE AROUSA

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA ACTIVIDADE DE OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS*

O Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 28 de xullo de 2016, acordou aprobar inicialmente a “Ordenanza reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras”, coa emenda presentada polo Sr. González Somoza relativa a ampliación do horario das terrazas nas festas patronais das parroquias.

De conformidade co disposto no artigo 47 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, expúxose ao público a devandita Ordenanza durante o prazo de trinta días, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o día 12 de agosto de 2016, rematando o período de exposición ao público da Ordenanza o día 19 de setembro de 2016.

Durante o período de exposición ao público da devandita Ordenanza presentaron reclamacións contra a mesma, as seguintes persoas e entidades:

- 1.- Grupo Municipal do Partido popular.
- 2.- Asociación de Hostalería e Iniciativas Turísticas.
- 3.- Isabel Fuentes Borrajeiros ( Lencería Sabela ).
- 4.- Carlos Moreira Alfonso ( Panadería Cafetería Granier ).
- 5.- José Luis Rodríguez Pérez ( Stocolmo y Cia ).
- 6.- Elena García Buján ( Gael ).
- 7.- Adan Petra Castellanos ( De Maria ).
- 8.- Pablo Galbán Dasilva ( La Bolsa ).
- 9.- Pedro Suárez Nogueira ( Mini-central ).
- 10.-Berta Varela Caeiro ( Nanany).
- 11.-Patricia Alvarez Macias ( Grettel).

Na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2016 desestimáronse as reclamacións presentadas e aprobouse definitivamente a Ordenanza de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras, polo que se fai público o texto da mesma, do teor literal seguinte:



## TÍTULO PRELIMINAR.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Vilagarcía de Arousa precisa dispor dunha Ordenanza Reguladora da ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras coa finalidade de establecer os criterios básicos para a instalación de terrazas anexas aos establecementos de hostalería.

O sistema viario do municipio está conformado polo conxunto dos espazos de uso público destinados a proporcionar ós cidadáns os niveis adecuados de mobilidade, accesibilidade e lecer. Malia esta prioridade do uso público é evidente que nos últimos anos proliferou a ocupación de espazo público con terrazas vinculadas a establecementos de hostalería que, non só favorece os empresarios que as explotan senón que tamén, fomentan a relación social e potencian a actividade económica en xeral.

Faise necesario, por tanto, a redacción dunha ordenanza reguladora coa finalidade de conciliar o aproveitamento privativo excepcional e o dereito xeral de uso do espazo público por parte dos cidadáns.

## TÍTULO I.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

### Artigo 1.: Obxecto

1.- O obxecto desta Ordenanza é a regulación das autorizacións e o procedemento de outorgamento para a instalación de terrazas sempre que constitúan complemento dos establecementos de hostalería debidamente autorizados polo Concello de Vilagarcía de Arousa.

2.- Exclúese da aplicación desta Ordenanza os actos de ocupación da vía pública de actividades de hostalería que se realicen con ocasión de feiras, festas, actividades deportivas e similares.

3.- Non son obxecto desta Ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanentes en espazos exteriores de dominio público municipal.

4.- A instalación de toldos, rótulos e outros aditamentos fixados ás fachadas das edificacións rexeranse consonte o disposto na normativa do Plan Xeral de Ordenación Municipal

### Artigo 2.: Ámbito de aplicación

Esta Ordenanza aplicarase á ocupación excepcional de espazos de uso público, independentemente da súa titularidade, para o uso vinculado a establecementos de hostalería no ámbito territorial do Concello de Vilagarcía de Arousa. A condición de Espazo de Uso Público virá determinado polo seu aproveitamento ou utilización xeral, polo destino urbanístico no planeamento vixente ou pola cesión do espazo ó Concello.



### Artigo 3.: Definicións

Terraza.- É toda a instalación que implique o uso temporal dunha zona de chan de uso público, con destino a aproveitamentos relacionados con actividades propias da hostalería, mediante a colocación de mesas, cadeiras, antucas, e outros elementos auxiliares móbiles, como extensión da actividade que se exerce nos establecementos.

Velador.- É o conxunto formado por unha mesa e ata catro cadeiras. Porén, os efectos do disposto nesta ordenanza, asimilaranse o concepto de velador a todos aqueles elementos ou conxunto de elementos mobles destinados a servir de soporte das consumicións con ou sen asento para os clientes (mesa con cadeiras, mesas con banquetas, bocois, caixóns ...).

Elementos auxiliares móbiles.- Son aqueles destinados ao ornato da terraza, tales como macetas, quentadores, e outros elementos decorativos.

Mamparas.- Son os elementos móbiles de delimitación da terraza, e protección contra o vento.

Antuca ou parasol.- Instrumento similar ao paraugas, que serve para protexerse do sol. Consistirá nun único pé dereito que soporta unha lona ou toldo dotado dunha base suficiente para garantir a estabilidade.

Instalacións desmontables.- Son aquelas que están constituídas por elementos prefabricados, sen elaboración de materiais en obra, doadas de transportar, susceptibles de ser montadas e desmontadas a diario mediante procesos secuenciais que non requiran man de obra especializada.

Rúas peonís.- A efectos desta ordenanza, considéranse peonís as rúas ou prazas reservadas de xeito exclusivo ou preferente ó tránsito peonil, agás no regulado para carga/descarga, tránsito vehículos de servizos públicos ou de acceso de residentes.

Itinerario peonil accesible.- É aquel que, se axusta ás condicións establecidas na normativa de accesibilidade e permite o acceso a persoas con dificultades de mobilidade.

Mobiliario accesible.- Son os elementos cunhas características que os fan utilizables por todas as persoas e especialmente polas persoas usuarias de cadeira de rodas

## TÍTULO II.- RÉXIME XURÍDICO

### Artigo 4.: Carencia de dereito preexistente

A autorización de ocupación do espazo de uso público é un acto discrecional polo que o empresario de hostalería non ostenta un dereito preexistente para a súa obtención ou renovación. O simple cumprimento dos requisitos citados nesta ordenanza non outorgan dereito algún sobre a utilización dos espazos de uso público.



**Artigo 5.: Titularidade das autorizacións**

Poderán solicitar a autorización os titulares de establecementos de hostalería con licenza de apertura en vigor ou persoa que legalmente a represente. A explotación da terraza realizarase directamente polo mesmo titular que explote o establecemento como parte da súa actividade empresarial, asumindo a totalidade das responsabilidades de calquera índole que se poidan derivar.

**Artigo 6.: Transmisibilidade**

1.-As autorizacións serán transmisibles a outro titular conxuntamente coa do establecemento sempre e cando o antigo e o novo titular comuniquen esta circunstancia ao Concello mediante o expediente correspondente.

**Artigo 7.-Obrigas fiscais**

1.- A concesión da autorización devengará a taxa correspondente consonte o establecido na ordenanza fiscal.

3. Para o cálculo da superficie autorizada, e sen prexuízo de que a liquidación se realice pola superficie realmente ocupada, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Tódolos elementos auxiliares da terraza quedarán dentro da superficie de ocupación. En caso de instalación de antucas, tanto o pé de apoio como o voo deberán quedar dentro da superficie autorizada.
- b) Os pasos e corredores entre mesas e cadeiras dunha mesma instalación computarase como superficie ocupada.

**Artigo 8.: Autorizacións**

1.- Só se entenderán outorgadas mediante unha resolución expresa. Nin a presentación da solicitude, nin o pagamento das taxas correspondentes, habilitan ó interesado para iniciar a ocupación.

2.- Todas as autorizacións outorgaranse en precario, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. O exercicio da actividade desenvolverase a risco e ventura dos interesados e non poderán ser arrendadas, nin cedidas, directa ou indirectamente.

3.- A competencia para a concesión de autorización de ocupación con terrazas e estruturas auxiliares, corresponde ó Alcalde, que poderá solicitar informes ós departamentos que considere oportunos, previo dictame da Xerencia de Urbanismo.



4.- Unha copia da autorización expedida polo Concello e un plano de detalle da instalación deberán estar nun lugar visible da terraza e a disposición dos axentes da Autoridade Municipal, que o reclamen.

5.- A instalación de terrazas sen a preceptiva autorización ou sen axustarse ás condicións da autorización, dará lugar á liquidación das taxas devengadas pola ocupación indebida e a inmediata orde de retirada voluntaria ou subsidiariamente polo Concello a costa do interesado; todo elo sen prexuízo das sancións que procedera impor en aplicación do réxime disciplinario previsto nesta ordenanza.

### **Artigo 9.: Vixencia e Renovación**

A validez da autorización é anual abrangendo dende o 1 de xaneiro ó 31 de decembro de cada ano. Finalizado o prazo da autorización anual, para renovar a autorización non será preciso presentar nova documentación se non se pretende modificar as condicións da instalación e non se produce concorrencia de novos solicitantes sobre un mesmo espazo.

O ingreso das taxas reguladas na ordenanza fiscal correspondentes será requisito indispensable tanto para iniciar a ocupación como para considerar renovada a autorización.

### **Artigo 10.: Extinción das autorizacións**

1.- O cesamento da actividade principal implicará a extinción da autorización da terraza.

2.- A extinción ou suspensión da licenza de apertura determinará igualmente a automática extinción ou a suspensión da autorización de terraza.

3.- As autorizacións poderán ser revogadas, de maneira motivada, en calquera momento por razóns de interese xeral.

4.- Extinguida a autorización por calquera causa, o titular da mesma quedará obrigado a retirar todos os elementos da vía pública e a non os volver instalar.

### **Artigo 11- Modificación e suspensión**

1.- Cando o interesado quixese modificar as condicións da terraza en canto a súa localización, extensión, mobiliario, horario ou calquera outro aspecto deberá presentar unha nova solicitude coa documentación necesaria.

2.- Cando por causas imprevistas de urbanización, razóns de interese xeral así como por implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, desapareceran as circunstancias que xustificaron o outorgamento da autorización ou xurdisen outras que fosen



causa de denegación ou modificación, o Concello, mediante resolución motivada e previa audiencia do titular, poderá modificar, e mesmo revocar, a autorización concedida sen dereito a indemnización.

3.- As autorizacións poden ser suspendidas, total ou parcialmente por razóns de interese público; pola celebración de procesións, cabalgatas, feiras, mercados, espectáculos, acontecementos deportivos, manifestacións ou eventos similares de interese preferente; a realización de obras, esixencias dos servizos públicos ou outras actividades que requiran o espazo ocupado polas terrazas. Cando a suspensión supere os tres días consecutivos o empresario afectado poderá solicitar a devolución da parte proporcional das taxas polo tempo que se mantivo a suspensión.

4.- O incumprimento grave por parte do titular dos límites e condicións da autorización dará lugar, con independencia das sancións que puidesen proceder, á súa revogación. Consideraranse incumprimentos graves aqueles nos que o titular se exceda do autorizado en canto ao espazo ocupado pola terraza, aos elementos que a compoñen ou ao horario; ou realicen actividades non permitidas e estea causando perturbacións aos intereses xerais protexidos por esta Ordenanza.

### TÍTULO III.- CONDICIÓN DAS INSTALACIÓNS

#### Artigo 12.: Limitacións xerais

Unha vez instalada a terraza nas beirarrúas ou espazos peonís deberán deixarse os itinerarios peonís necesarios para garantir o acceso ós edificios cun largo mínimo de 1,50 metros libre de obstáculos.

A administración poderá delimitar a superficie a ocupar por cada terraza mediante sinais visibles no pavimento.

Prohíbese a configuración de carpas ou toldas de lona pechadas polos laterais. Non se permite por tanto instalar suplementos que completen o espazo existente entre a coroación das mamparas e os focos de toldos e antucas.

A colocación de veladores, parasoles, e no seu caso macetóns ou mamparas, nas vías públicas non poderá, en ningún caso, constituír obstáculo para o tránsito peonil, limitar a libre utilización dos elementos de mobiliario urbano nin prexudicar a seguridade do tráfico rodado.

Prohíbese a colocación nas terrazas de frigoríficos, máquinas expendedoras de produtos, máquinas de xogos, carriños de xeados, máquinas expendedoras de bebidas ou calquera outro elemento anexo a este tipo de establecementos.



A instalación de carteis anunciadores de menú, dentro do ámbito da terraza, permitirase sempre que se trate dun modelo esteticamente uniformado, que se axuste ás condicións ornamentais da presente ordenanza, sendo o Concello o competente para establecer dita adecuación.

Para a instalación de calquera elemento fixado como aditamento á fachada do edificio (iluminación, calefacción, rótulos, toldos, mamparas,...) deberase solicitar a preceptiva licenza urbanística consonte as determinacións do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal.

### **Artigo 13.: Emprazamento das terrazas**

Só se poderá instalar terrazas en beirarrúas ou nas prazas e rúas peonís. En ningún caso se poderá ocupar a calzada de tránsito rodado nin as zonas de aparcamentos.

Como norma xeral a terraza instalarase no espazo público inmediato á fachada do establecemento hostaleiro ocupando, como máximo, a lonxitude da fronte do mesmo e o fondo que corresponda en cada caso, consonte o disposto nesta ordenanza.

Cando circunstancias especiais o aconsellen (escasa ou excesiva largura da rúa, prazas peonís, libre accesibilidade ós portais, comercios, escaparates,...) poderán estudiarse outras disposicións das terrazas como as existentes nas rúas Juan García, Rey Daviña, Castelao e outras, que poderán ser propostas a iniciativa dos empresarios ou do propio concello. Nestes casos confeccionarase un plano da rúa ou praza para delimitar as zonas de libre circulación peonil e as superficies de terraza asignadas a cada establecemento en proporcion directa coa sua superficie.

O concello comprobará que a disposición dos veladores e demais elementos non impide o libre uso do mobiliario urbano público nin dos servizos de rega ou extinción de incendios.

### **Artigo 14 : Dimensións**

Cando as terrazas se instalen en beirarrúas o fondo máximo susceptible de ser autorizado virá determinado polo procedemento de descontar ó largo da beirarrúa unha franxa de 1,80 m que configure un itinerario peonil. Este itinerario non poderá estar interrompido por árbores, bancos, papeleiras nin outros obstáculos.

En rúas exclusivamente peonís comprendidas entre 6 e 12 m de largo o fondo do espazo ocupado será, como máximo, un tercio do largo da rúa ou tramo no que se emprace medido perpendicularmente á fachada do establecemento.

Malia o disposto no parágrafo anterior cando se pretendan instalar terrazas en rúas peonís nas que resulta imposible solicitar outras na fronte oposta (caso de rúas circundantes a parques por exemplo), o concello poderá autorizar, xustificadamente, a ocupación ata un fondo da metade do largo da rúa.





Nos casos especiais, citados no parágrafo 3 do artigo anterior, a dimensión da terraza será a que se estableza no plano que se configure ó efecto para un tramo de rúa ou para un establecemento individualizado. Neste caso deberase someter a informe técnico que comprobe o cumprimento do requisito establecido no parágrafo 4 do artigo 13 desta ordenanza.

### Artigo 15.: Superficie

A autorización concederase por metros cadrados e número máximo de ocupantes, consonte a distribución achegada ó expediente.

### Artigo 16.: Plataformas

En rúas que teñan unha pendente lonxitudinal superior ao 5% poderase, con carácter restrictivo, autorizar a instalación de tarimas que resolvan a horizontalidade e non superen os límites da superficie autorizada. Estas plataformas ou tarimas deberán ser desmontables en non producir alturas superiores a 40 cm sobre o pavimento debendo resolverse mediante escalonamentos. Non poderán impedir nin dificultar a utilización dos rexistros de servizos públicos nin do mobiliario urbano. Deberán dispor de varandas con altura mínima de 90 cm que sexan suficientemente resistentes para soportar os empuxes verticais e horizontais

### Artigo 17.: Horario de funcionamento e recolleita dos elementos da terraza

As terrazas non poderán estar en funcionamento sen estalo o establecemento do que depende e seranlle de aplicación ademais os límites máximos que se detallan a seguir:

Horario de inverno: Non poderán instalarse as terrazas antes das 8 da mañá. Para a retirada establécense dúas categorías de establecementos hostaleiros, os establecementos en xeral (bares, cafeterías, restaurantes,...) e os bares especiais (pubs, discotecas ...).

Os establecementos en xeral deberán retirar a terraza antes das 12 da noite. Os venres, sábados e vésperas de festa o horario de peche poderse prolongar ata a 01,00 horas da madrugada.

Os bares especiais deberán retirar a instalación ás 01,00 da noite os días de semana e á 02,00 os venres, sábados e vésperas de festivos.

HORARIO DE INVIERNO		
	SEMANA	FIN DE SEMANA
CAFÉ-BARES, CAFETERÍA, RESTAURANTES,...	00,00	1,00
PUBS, DISCOTECAS E BARES ESPECIAIS	1,00	2,00





Horario de verán: Entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, o horario admisible de funcionamento das terrazas será o que se detalla no cadro seguinte.

HORARIO DE VERÁN		
	SEMANA	FIN DE SEMANA
CAFÉ-BARES, CAFETERÍA, RESTAURANTES,...	00,30	1,30
PUBS, DISCOTECAS E BARES ESPECIAIS	1,30	2,30

Horario de festas locais: durante os días de celebración das festas sinaladas no calendario de Festividadeas Locais, así coma naqueles casos de festas patronais das diferentes parroquias, o horario de recollida de terrazas estenderase unha hora máis có horario de verán sempre que o permita o límite de apertura do propio establecemento.

A instalación das terrazas non poderá comezar, en ningún caso antes das oito da mañá e deberá estar recollida e limpa á finalización do propio horario.

No caso de que o horario autorizado para o establecemento se prolongase máis aló que o da propia terraza poderán quedar os elementos desta, temporalmente, amoreados e inutilizados na rúa para seren gardados no interior tras o peche do local.

### Artigo 18.: Concorrencia

1. Quen pretendese unha autorización sobre un espazo total o parcialmente autorizado a outra instalación non poderá obtela ata o ano seguinte, debendo formular a súa solicitude antes do 31 de outubro do ano anterior ó que teña previsto iniciar a ocupación. Coa solicitude achegarse unha proposta de distribución dos espazos e instalacións, acordada e asinadas polos interesados concorrentes no citado emprazamento.

2. A falla de acordo entre os interesados resolverase consonte a criterios de proporcionalidade respecto da superficie do local de que dependan. Así mesmo, poderán considerarse outras características da instalación como a fronte dos locais, o carácter accesible do establecemento principal e o da terraza a instalar, a vía pública en que se sitúe e aquelas outras circunstancias que se consideren pertinentes en cada caso.

3. O feito de ter sido titular de autorización en períodos anteriores non implica maior dereito en posteriores peticións, nin vincula en canto o número e disposición dos elementos autorizados.

### Artigo 19.: Seguro de responsabilidade civil

A póliza de seguro de responsabilidade civil de que deba dispor o titular do establecemento deberá estender a súa cobertura aos posibles riscos que puideran derivarse do funcionamento da terraza.



**Artigo 20.: Son e actuacións en directo**

As actuacións en directo, así como a instalación de equipos audiovisuais visibles ou audibles dende os espazos de terrazas necesitará autorización expresa do Concello, respectando en todo caso o disposto na normativa vixente.

**Artigo 21.: Limpeza, hixiene e ornato**

Os titulares das terrazas teñen a obriga de manter o mobiliario e a zona que ocupa a terraza, nas debidas condicións de limpeza, hixiene, seguridade e ornato. Un informe que indique o non cumprimento deste requisito será suficiente para retirar a autorización correspondente.

**Artigo 22.: Ancoraxe**

Non se permitirá o furado do pavimento para ancoraxe de ningún dos elementos da terraza (mesas, cadeiras, parasoles, mamparas...) nin fixalos ós elementos do mobiliario urbano. Todos eles deberán estar instalados de modo que se garanta a súa estabilidade e seguridade de uso.

**Artigo 23.: Publicidade**

Os elementos das terrazas non poderán levar publicidade que non sexa expresamente autorizado polo concello agás o nome e/ou a marca corporativa do Concello Vilagarcía.

Para solicitar a publicidade deberase achegar un proxecto publicitario que deberá ser acorde coa imaxe, ornamento e estética que se contempla nesta ordenanza.

**Artigo 24.: Retirada do mobiliario**

Finalizado o horario de funcionamento da terraza ou velador, deberán retirarse todos os seus elementos da vía pública e depositarse en local privado atendendo a criterios de accesibilidade, para non dificultar a mobilidade das persoas invidentes e posibilitar a limpeza das rúas e a recollida do lixo.

En casos excepcionais nos que se xustifique a imposibilidade de gardar o mobiliario dentro do local e non dispoñer de almacén alternativo o Concello poderá autorizar o amoreamento na vía pública a risco e responsabilidade do titular do establecemento debendo, neste caso, liquidar a taxa que se fixe por este concepto na ordenanza fiscal correspondente e deberá estender a cobertura do seguro ó que se refire o artigo 19 ó tempo e circunstancias de risco que supoña o amoreado no espazo público.



O titular da licenza estará obrigado a adoptar as medidas necesarias que impidan facer uso incontrolado, manexar e manipular os elementos da terraza cando estes queden amoreados na vía pública. Os bancos, árbores, sinais de tráfico, farois e demais elementos do mobiliario urbano non poderán utilizarse para fixar ou asegurar o mobiliario.

As operacións de recolleita das terrazas efectuaranse co máximo coidado ao efecto de minimizar a produción de ruídos que se poidan causar, quedando especificamente prohibido o arrastre dos elementos que a compoñan.

Os días que o empresario non tivese interese en instalar tódolos elementos autorizados poderán estar os sobrantes amoreados dentro da superficie autorizada para a terraza tendo en conta que o total de elementos, tanto instalados como amoreados, non supere o numero efectivamente autorizado e coidando que os montóns non superen a altura máxima de 1,60 en ningún punto.

### **Artigo 25.: Material**

Tendo en conta que un dos obxectivos da autorización é o de facilitar as relacións sociais e as actividades turísticas, son de grande importancia as condicións estéticas polo que o Concello supervisará e autorizará o mobiliario a instalar na terraza. A estes efectos deberase acompañar coa solicitude o catálogo comercial dos elementos a instalar, deseño dos que non sexan de produción industrial e cores que se van empregar.

O concello poderá impor normas uniformadoras que aporten valor turístico e comercial a espazos urbanos concretas, ou mesmo para o conxunto do territorio.

### **Artigo 26.: Mamparas, separadores, cortaventos**

Os elementos separadores e mamparas deberán estar incluídas na superficie autorizada da terraza e non poderán ter máis de 1,60 m de altura e o seu deseño deberá garantir a estabilidade, resistencia ó vento e seguridade. Non se permiten cortaventos de lona

As mamparas serán de material ríxido preferentemente transparente e con deseño acorde cos veladores das respectivas terrazas. Deberán ser retiradas ao final de cada xornada.

Poderán autorizarse, previa licenza urbanística, mamparas pregables fixadas á fachada do edificio que cumpran as seguintes condicións:

Que contén con permiso do propietario ou comunidade de propietarios do edificio.

Que na posición pregada non produzan un resalto sobre a fachada superior a 15 cm nin a 1/10 do largo da beirarrúa. O pregamento non poderá interferir os panos practicables de portas e fiestras.



Que na posición estendida teñan unha lonxitude máxima de 2,30 m sen superar o fondo autorizado para a terraza.

**Artigo 27.: Veladores**

O material das mesas e cadeiras deberá ser de boa calidade en canto a estética, seguridade e resistencia. Acéptase o emprego de madeira, aluminio, aceiro..., prohibíndose expresamente os mobles de plástico moldeado.

**Artigo 28.: Parasoles**

1.- Serán de estrutura resistente, doadas de pechar e trasladar e deberán ter unha base suficiente para garantir a súa propia estabilidade e a resistencia aos ventos.

2.- Non se permitirán os parasoles ancorados ao pavimento.

3.- Na súa posición estendida, ningunha parte da lona, incluso flocos, poderá quedar a unha altura menor de 2,20 m do pavimento.

4.- A lona do parasol será de unha soa cor podendo escoller entre vermello inglés (corporativo do concello), negro ou branco cru.

**Artigo 29.: Calefactores**

A incorporación de sistemas de calefacción ou climatización deberá reflectirse nas propostas ou proxectos que se presenten, xustificando o cumprimento da regulamentación técnica de aplicación. Non poderán emprazarse fora do espazo autorizado para a terraza nen invadir os itinerarios accesibles.

**TÍTULO IV.- PROCEDEMENTO****Artigo 30.: Solicitud**

1.- O procedemento comezará coa solicitude do interesado na que, ademais dos datos esixidos no artigo 70.1 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, faranse constar os seguintes extremos:

- Nome ou razón social e dirección do local do establecemento hostaleiro desde o que se atenderá a terraza solicitada.



- Fotocopia da autorización de apertura do local á que se refire o apartado anterior e se aínda non se conta con ela, indicación do rexistro e data na que se solicitou.
- Situación exacta do espazo que se pretende ocupar con mención do nome da vía pública onde se atopa
- Extensión da superficie en metros cadrados da terraza e máis do local principal.
- Superficie que se solicita, número de veladores e aforo; así coma no seu caso, os demais elementos (macetóns, mamparas, parasoles...) que se pretenden instalar.

2.- Coa solicitude acompañarase obrigatoriamente a seguinte documentación:

- Plano de situación da cartografía municipal a escala 1:2000.
- Plano acoutado, a escala 1:100, da superficie que se pretende ocupar pola terraza, no que se reflectirá a situación do local do que depende, a dos elementos que comporán a terraza, os espazos libres, largo da beirarrúa ou do espazo de que se trate, franxas de itinerario peonil, distancias ás fachadas e bordos, elementos urbanos que existan na zona (árbores, papeleiras, farois.) e demais aspectos relevantes para comprobar que se adecúa ás determinacións desta Ordenanza.
- Fotografía da fachada do local e do espazo exterior onde se pretende instalar a terraza
- Fotografías, catálogo comercial ou, se fose un deseño orixinal, planos dos elementos que se pretendan instalar.
- Documento de autoliquidación e ingreso da taxa polo aproveitamento especial pretendido, segundo resulte por aplicación da correspondente Ordenanza Fiscal.

### **Artigo 31.: Instrución do procedemento**

1.- O procedemento se iniciará coa presentación da documentación completa no rexistro do concello.

2.- Comprobarase a veracidade dos datos reflectidos na solicitude, e a adecuación en todos os aspectos da terraza que se pretende instalar, á presente Ordenanza e ao resto do ordenamento xurídico. Poderanse solicitar informes a os servizos municipais (urbanismo, tráfico, parques e xardíns, accesibilidade, medio ambiente) que se estime necesario.

3.- Finalmente elevarase á Alcaldía proposta de resolución na que se incluírán as condicións particulares e un plano representativo da ocupación permitida.

### **Artigo 32.: Resolución**

1.- Resolverá a Xerencia de Urbanismo.

2.- So se entenderá autorizada a instalación dunha terraza mediante resolución expresa na que se poderá incluír condicións adicionais ou limitacións en cada caso concreto.



3.- Á notificación da resolución, as condicións particulares e un plano representativo da ocupación deberá estar dispoñible no establecemento.

4.- Sen prexuízo da obriga de resolver, se non se contestara a petición no prazo de un mes, considerarase desestimada de forma tácita ós efectos da interposición dos correspondentes recursos.

5.- Ao ditarse resolución procederase á liquidación definitiva das taxas e os ingresos complementarios ou devolucións que procedan de acordo co disposto na correspondente Ordenanza fiscal.

## TÍTULO V.- INSPECCIÓN, RESTABLECIMENTO DA LEGALIDADE E RÉXIME SANCIONADOR

### Artigo 33.: Inspección

1.- Os axentes da Policía Local e os Inspectores Municipais, serán competentes para controlar o exacto cumprimento das normas establecidas na presente Ordenanza.

2.- As actas ou denuncias que realicen terán valor probatorio nos procedementos aos que se incorporen segundo o disposto no artigo 137.3 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

### Artigo 34.: Compatibilidade

As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario; así como coa indemnización polos danos e prexuízos causados.

### Artigo 35.: Restablecemento da legalidade. Instalacións sen autorizacións

As instalacións suxeitas a esta Ordenanza que se implantan sobre terreos de uso público sen a preceptiva autorización serán retiradas de modo inmediato polos servizos municipais previa notificación ao interesado da orde ditada pola Alcaldía.

### Artigo 36.: Denuncia

Toda persoa natural ou xurídica, poderá denunciar ante o Concello calquera infracción da presente Ordenanza.



**Artigo 37.: Infraccións e sancións**

1.- As infraccións dos preceptos desta Ordenanza, serán sancionadas por resolución da Alcaldía, con multas graduables dentro dos límites sinalados nesta Ordenanza así como na lexislación vixente, sen prexuízo da esixencia das demais responsabilidades administrativas e patrimoniais ás que deran lugar, incluída a execución subsidiaria a costa do obrigado.

2.- A imposición de sancións requirirán a previa instrución do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedementos regulados na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Artigo 38.: Infraccións**

Constitúen infraccións a esta Ordenanza os actos ou omisións tipificados como leves, graves ou moi graves dentro do expediente sancionador, de conformidade co disposto nos artigos seguintes:

**Artigo 39.: Infraccións leves**

1.- Constitúen infraccións leves que se sancionarán con multa de entre 150 e 300 euros as seguintes condutas:

- A instalación ou a utilización de mesas, cadeiras ou parasoles de características distintas ás autorizadas na autorización.
- A instalación de elementos permitidos por esta Ordenanza se non se autorizaron na autorización ou se teñen características diferentes das autorizadas ou se sitúan cunha disposición distinta da permitida na autorización.
- A instalación ou utilización de mesas, cadeiras e parasoles en número superior ao autorizado sen ocupar máis espazo que o permitido na autorización.
- Instalar mobiliario ou manter calquera outro elemento que non cumpra coas condicións de seguridade, hixiene ou ornato.
- A realización de ancoraxes no chan.
- Non recoller as mesas, cadeiras e demais elementos cando finalice o horario de utilización.
- Non ter exposto no local e en lugar visible o documento que acredite o outorgamento da autorización.

2.- A comisión de tres infraccións leves no período dun ano levará ademais aparelada a suspensión da autorización por período dun mes.





**Artigo 40.: Infraccións graves**

1.- Constitúen infraccións graves que se sancionarán con multa entre 301 e 600 euros as seguintes condutas:

- A ocupación superior á autorizada cando non se dean os requisitos para considerala infracción moi grave.
- Incumprimento do deber de retirada dos elementos da rúa.
- Incumprimento do deber de limpar a terraza.
- A realización na terraza de actividades non permitidas ou sen a autorización, cando non causen prexuízos para a seguridade nin para a tranquilidade públicas.
- Causar danos no dominio público, cando non constitúa infraccións moi graves
- Incumprimento das normas e restriccións específicas de horarios de terrazas establecidas nesta Ordenanza.
- A comisión reiterada de dúas infraccións leves sen corrixir as causas que as motivaron.

2.- A comisión de tres infraccións graves no período dun ano levará aparellada a suspensión da autorización por período de 6 meses.

**Artigo 41.: Infraccións moi graves**

1.- Constitúen infraccións moi graves que se sancionarán con multa de entre 601 e 1.000 euros as seguintes condutas:

- A instalación de terrazas sen autorización.
- A instalación de terrazas pechadas con obra ou con estruturas permanentes non autorizadas.
- A comisión reiterada de dúas infraccións graves sen corrixir as causas que as motivaron.

2.- A comisión dunha infracción moi grave levará aparellada a extinción da autorización.

**Artigo 42.: Determinación da multa procedente en cada caso**

Para determinar a contía da multa aplicable a cada infracción dentro do mínimo e do máximo correspondente ás infraccións leves, graves e moi graves observarase o principio de proporcionalidade atendendo a cantos criterios sirvan para pór de manifesto a conducta antixurídica e, en especial os seguintes:

- Existencia ou non de intencionalidade.
- Produción dun prexuízo grave para os intereses xerais.



- Beneficio obtido coa comisión da infracción.
- Tempo durante o que se cometeu a infracción.
- A reincidencia na comisión de infraccións.

**Artigo 43.: Prescripción de infraccións e sancións**

As infraccións e sancións previstas nesta Ordenanza prescribirán segundo o disposto no artigo 132 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Os efectos do disposto no artigo 133 da citada lei non se considerará identidade de feito a comisión da mesma infracción en datas distintas, antes ó contrario a reincidencia determinará a tipificación da infracción nun grao superior

**Artigo 44.: Reclamación das taxas**

En todos os supostos de ocupación sen autorización ou superando os termos desta, ademais da aplicación das medidas que procedan, procederase a liquidar e a esixir as taxas non pagadas correspondentes ao período no que se producise o aproveitamento do espazo de uso público, segundo o establecido na correspondente Ordenanza Fiscal, a lexislación de facendas locais e demais lexislación tributaria. Así mesmo, no seu caso, procederase a impor as sancións tributarias que resulten pertinentes.

A taxa abonada pola ocupación ou por superar os termos da autorización esixida na reclamación, non exime de que a terraza teña que axustarse en todo o disposto nesta Ordenanza, e de non se así, procederase á súa retirada.

**Disposición adicional primeira**

A interpretación desta ordenanza corresponde ó Concello. Nos aspectos non previsto na presente Ordenanza será de aplicación a lexislación xeral urbanística de réxime xeral e autonómico así como o PXOM.

**Disposición Adicional Segunda**

Os días de mercado semanal, durante o horario de celebración do mesmo, os postos do mercado autorizados terán preferencia de ocupación da vía pública e os espazos de uso público sobre as terrazas.

**Disposición transitoria primeira**

As autorizacións expresas vixentes para instalación de terrazas extinguirán os seus efectos o 31 de decembro de 2016. Os interesados en proseguir a ocupación deberán solicitar nova autorización consonte ao disposto na presente ordenanza, unha vez que entre en vigor.



**Disposición transitoria segunda**

Os empresarios que tivesen practicado, sen autorización furos ou fixacións no pavimento para ancorar algún elemento, deberá reparalo no prazo de un mes dende a entrada en vigor da presente ordenanza consonte os criterios que indique o Concello.

Se os tivesen autorizados, e prestada a conseguinte fianza por aplicación da ordenanza anterior, poderán mantelas ata o 31 de decembro de 2016, podendo a partir do 1 de xaneiro de 2017, á súa reparación, e reclamar a devolución da fianza.

**Disposición derogatoria**

Tras a súa entrada en vigor quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango que regulaban ata a data a actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras, e calquera acto que se opoña ao disposto na presente ordenanza.

**Disposición final. Entrada en vigor**

A entrada en vigor desta ordenanza producirase unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Vilagarcía de Arousa, a 4 de outubro de 2016.—O Alcalde, Alberto Varela Paz.

